


Lenzo das madrugadas

Medos Romero (As Pontes, 1959) é unha escritora que vén entrando, paseniño, no panorama da literatura actual. Como narradora, participou, entre outros, no volume colectivo *Narradoras* (2000) e é autora dos libros de contos *Dubido se matei a Lena* (2000) e *O trevo da sorte* (2003). Canto á poesía, da súa man son os poemarios *Ámome en por min* (2000) ou *O peso da derrota* (2000). A todos eles vense sumar agora *Lenzo das madrugadas*.

Trátase dun poemario que afonda nas raíces da terra, unha terra habitada de ausencias, que se vai desfarelado e da que só resta humedén e po. A autora percorre os lugares e topónimos que conformaron o seu pasado e realiza unha viaxe exterior e interior pola paisaxe e as persoas que o habitaron e que van desaparecen-

*Na sinceridade da
palabra poética*

 DORINDA CASTRO SOLIÑO



do. Asistimos así á destrución das casas, da rectoral, da escola: “chove sobre as casas sen teito, que se van cubrindo de matogueiras” ou de “hortensias azuis e cravo”, que representan un xeito de vivir que desaparece e que está explícito nas persoas do pai, a avoa Aurora ou no verso: o noso-carro canto hai que adorna o museo. É un mundo do que fica só “cisco, humedén, po./ E a morte

que o vai/ tramando todo. Ninguén de nós saberá entón facer cestos, nen sequera recoñecer os cuartos da lúa. Quizais deixen de

resoarnos dentro as chocas e campañas da paisaxe ou, quizais, permanezan na memoria: “non esqueceremos nunca o ritmo/ dos días nun son de andaravías, / o carro cantar ao lonxe”.

O universo poético está conformado por un ricaz caudal léxico referido xa que logo, aos elementos da natureza e da paixaxe: ríos, fragas, bouzas, castiñeiros, fervezas, salgueiros... e aos animais que, por vecés, son o único elemento sonoro ou vivo nesa natureza e que nos traen á memoria o estilo poético de Uxío Novoneyra do Caurel. Son versos que afincan con doce teimosía no amor á terra, nai e muller: “amo a terra das mazás bravas/ enxertadas nun loureiro romano, inzados de soidades, baldeiro, olvido e morte: cubriuse de olvido/ chove/ dos carballos pende la, de homenaxe ao tempo de cando os anos se contaban/ polas colleitas, do recordo que podrece por sempre agora como un cotromelo de pan, na lacena escura da parede”.

Un volume, pois, que nos devolve á sinceridade da poesía e na que *lonxe* é un adverbio de lugar e de tempo.

ROMERO, Medos, *Lenzo das madrugadas*, Ed. Follas Novas, Santiago, 2004, 56 páxinas